

V CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS DA USC

- **Idea premiada:**

Título: Laboratorio e consultoría de seguridade e hixiene en alimentos

Promotor: Irma Moreno Hermida

Facultade de Bioloxía, Universidade de Santiago de Compostela

Promotor: María Serantes Fernández

Facultade de Bioloxía, Universidade de Santiago de Compostela

Breve Descrición:

A idea que se propón é crear un Laboratorio e consultoria de seguridade e hixiene de alimentos. Os servizos que van a ofertar nesta empresa son: Análise de augas e alimentos, manuais e plans

APPCC(Análise de perigos e puntos de control crítico) e impartir a formación necesaria para a capacitar na obtención do Carné de Manipulador de Alimentos.

Debido á existencia do R.D. 66/2001, de 14 de setembro, que obriga ás empresas que manipulen alimentos en todo ou en parte do seu proceso produtivo, a certificar ás Autoridades Sanitarias Competentes que as súas boas prácticas de Hixiene Alimentaria aseguran produtos inocuos e salubres, este crea unha demanda constante e real de realización de Proxectos A.P.P.C.C.

Os servizos que se ofrecen van dirixidos ás pequenas e medianas empresas que na súa actividade ou en parte se dediquen á manipulación dalgún tipo de alimento.

- **Idea premiada:**

Título: Rede de servizo de paraugas gratuíto

Promotor: Francisco M. Román Rodríguez

Facultade de Física, Universidade de Santiago de Compostela

Promotor: Luís Taboada Villamil

Facultade de Física, Universidade de Santiago de Compostela

Breve Descrición:

Proporcionar á sociedade unha rede de servizo gratuíto de paraugas.

O obxectivo é que calquera persoa poida acceder a un paraugas nun momento de necesidade, deixando unha moeda en depósito e ao término do uso devolvelo e recuperar a moeda.

A intención é que poidan acceder a este servizo nos lugares máis comúns: facultades, cafeterías, hoteis, restaurantes, etc.

Esta empresa ademais de ofrecer un servizo gratuíto aos cidadáns serve como plataforma publicitaria ás empresas que queiran anunciarse na lona dos paraugas, empresas que son os verdadeiros clientes dos paraugas.

- **Idea premiada:**

Título: Servizos socio-educativos de animación hospitalaria

Promotor: Tania González Lavandeira

Facultade de Ciencias da Educación: Pedagogía, Universidade de Santiago de Compostela

Breve Descrición:

Trataríase dunha empresa que con equipación propia (ordenadores, material de pintura,...) levaría o seu material a hospitais e faría animación socio-educativa os enfermos: ensinar informática a adultos e a nenos, clases de pintura, confección,... Este tipo de actividades intentaría animar, educar e potenciar a autoestima; e vai dirixida a todos os pacientes de calquera idade e formación.